



BIODIVERSIDADE DO CAMPUS DE PONTEVEDRA E DA ILLA DAS ESCULTURAS. PRIMEIRA VALORACIÓN

AUTORA ANTÍA ARES CARRIL

NOME DIRECTORA MARÍA GRACIELA PAZ BERMÚDEZ

CURSO 2021/22

RESUMO: Co presente traballo queremos dar a coñecer a biodiversidade do Campus de Pontevedra e da Illa das Esculturas coa finalidade de valorar a flora e fauna do entrono e ser unha ferramenta de educación ambiental dispoñible na rede para todos os cidadáns, centros educativos, facultades e tamen como un apoio complementario para o alumnado da Escola de Enxeñaría Forestal.



Os **obxectivos** levados a cabo nesta primeira valoración consistiron en facer tres estudos de biodiversidade, dentro da vexetación (Plantas vasculares: árbores e arbustos autóctonas e ornamentais, fentos e herbáceas. Plantas non vasculares: briófitos. Protistas: algas), un fúnxico (fungos e líques) e, por último, dentro da fauna (aves e bolboretas).

Os **resultados** obtidos no inventario engloban un total de 166 especies, das cales: 58 árbores e arbustos, 2 fentos, 41 herbáceas, 1 alga, 3 briofitos, 10 fungos, 26 líquenes, 21 aves e 4 bolboretas.

Exemplo do modelo de ficha nas herbáceas:

FAMILIA ORCHIDACEAE	
Xénero <i>Serapias</i>	
<i>Serapias lingua</i> L.	
Crista de galo	
	<p>DESCRIPCIÓN E IDENTIFICACIÓN</p> <p>Flores envoltas por brácteas lanceoladas da mesma cor e feita cós sepalos, casco horizontal pálido por fóra.</p> <p>Hipoquilo cunha protuberancia grande, visible desde o exterior.</p> <p>Florece en abril-xuño.</p>